

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2022

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogos do PP presentados oralmente

O artigo 23 do Regulamento municipal de honores e distincións, dentro do Título VIII, baixo a rúbrica “*Distincións aos membros da Corporación*”, dispón:

“1. O Concello de Cambre, unha vez teña tomado posesión do cargo coas formalidades legais establecidas, entregará ao/á alcalde/sa-presidente/a da Corporación unha medalla acreditativa da súa condición.

Igualmente, o Concello de Cambre entregará a cada concelleiro/a, unha vez haxa adquirido tal condición coas formalidades legais establecidas, unha medalla acreditativa do seu cargo.

2.- As medallas axustaranse ao modelo que no seu día aprobe a Corporación, no que deberá figurar, en todo caso, no anverso, o escudo do municipio e o cargo de alcalde/sa ou concelleiro/a, no seu caso, e no reverso, os anos de lexislatura que correspondan.”

Á vista de que o disposto no artigo transcrito, ademais de nas comisións informativas do pasado mes de marzo, con data 5 e 8 de abril rexistráronse por este Grupo Municipal Popular sendos escritos que, *s.e.u.o.* non foron contestados, razón pola cal solicitamos novamente:

1º Que se conteste a ditas preguntas e se dea cumprimento ao requirido nos ditos escritos.

2º Que polo señor alcalde de Cambre se dea cumprimento ao disposto no Regulamento municipal de honores e distincións, absténdose de realizar actuacións ou invitacións ao resto de concelleiros a incumprir o dito precepto.

3º Que, desde a Alcaldía de Cambre se realicen as xestións necesarias para entregar a todos os concelleiros as medallas da Corporación, que expresamente interesamos os concelleiros deste grupo municipal.

4º Que se dea acceso e copia completa, ordenada, foliada, dilixenciada e acompañada dun índice do expediente administrativo levado a cabo como consecuencia do encargo, elaboración, entrega, cumprimento e pago das medallas da Corporación; copia a entregar en formato electrónico, como vén sendo habitual nos últimos meses, no enderezo indicado a nome do voceiro municipal popular.

5º Que se dea acceso a este Grupo Municipal Popular ás, polo menos 21 medallas que, debido ao tempo transcorrido dende o seu encargo, deben atoparse depositadas no noso concello.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Pregunta do PP presentada oralmente

No edificio sito na rúa Luis Seoane houbo problemas de acceso por unhas obras da empresa Canarga, segundo anuncia o cartel, a que se deberon?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se pretende un cambio de pavimento e que a empresa colocou un cartel anunciando a dita obra pero dende o Concello xa paralizaron a actuación porque non avisaron coa debida antelación. Engade que posiblemente se executen dentro de dúas semanas pero que avisarán con tempo, que o fraguado mínimo do pavimento é de 48 horas e que despois se colocarán unhas chapas encima para que se poida transitar mentres consolida o pavimento durante 7 días máis.

Pregunta de EU-Son en Común presentada oralmente

Cantas comunicacións previas, ou licenzas de obra ou de primeira actividade do sector da hostelería, están en trámite ou en calquera fase do proceso de tramitación a día de hoxe na parroquia do Temple, así como a identificación, no seu caso, da localización daquelas que existan.